



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN EN DATA 11 DE NOVEMBRO DE 2009 RELATIVA AO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA GUDIÑA (OURENSE), PROMOVIDO POLO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO. (CLAVE: 2007/0241).**

**ANTECEDENTES**

O proxecto sectorial do parque empresarial da Gudiña está concibido como un ente organizador e concéntrador das actividades comerciais levadas a cabo de forma aleatoria no contorno do ámbito, a fin de aproveitar as sinerxías que se poidan xerar como consecuencia de dita concentración. A superficie de actuación é duns 32.863 m<sup>2</sup>. No anexo I resúmese o contido da actuación e no anexo II as medidas correctoras e protectoras propostas na documentación avaliada.

O Proxecto Sectorial do Parque Empresarial da Gudiña está recollido no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en data 27 de maio de 2004. Este plan ten como obxecto establecer as condicións xerais para a futura implantación de solos empresariais, formando parte do Plan de Reactivación de Galicia 2003-2006.

Polo tanto, tendo en conta que o plan sectorial foi declarado de incidencia supramunicipal polo Consello da Xunta de Galicia o 22 de xaneiro de 2004, considerouse someter este proxecto sectorial ao trámite de avaliación de impacto ambiental atendendo ao disposto no Decreto 80/2000, de 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Na tramitación deste proxecto Xestur Ourense foi designada como organismo encargado da xestión e promoción do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Industriais incluídas na provincia de Ourense e actuará como órgano xestor e beneficiario da expropiación, asumindo a execución da actuación por encargo do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data 1 de xullo de 2005 publicase no DOG (nº 126) o anuncio do 27 de xuño de 2005, da antiga Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial e o estudo de impacto ambiental do parque empresarial da Gudiña (Ourense). Durante este período non consta a presentación de alegacións de carácter ambiental.

Con data 24 de setembro de 2007 tivo entrada o expediente ambiental remitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que se inclúen os informes da Dirección General de Carreteras dependente do Ministerio de Fomento, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, do Servizo de Montes e Industrias Forestais da antiga Delegación Provincial en Ourense da Consellería de Medio Ambiente, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e da antiga Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O antedito expediente complétase coa recepción, o 8 de xuño de 2009, do informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

Cumprimentada a tramitación, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 316/2009, de 4 de xuño, formula a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do proxecto sectorial do parque empresarial da Gudiña, promovido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que a actuación é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental,

**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DE PARQUE EMPRESARIAL DA GUDIÑA,  
CONCELLO DA GUDIÑA (OURENSE)  
CLAVE: 2007/0241**

Asdo.: Alberto Rodríguez Górrido



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

tendo en conta que, no caso de que exista contradición entre o indicado na documentación presentada polo promotor e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano -a iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo-, poderá ditar aos sos efectos ambientais condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou á solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que aporten unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, aportando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente Declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Secretaría Xeral.

### 1.- Ámbito da declaración

A presente Declaración refírese exclusivamente ás actuacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto sectorial do parque empresarial da Gudiña, no concello da Gudiña.

O ámbito abarca unha superficie aproximada de 32.863,15 m<sup>2</sup> que se reparte do seguinte xeito:

- Superficie de uso industrial-comercial: 19.614,18 m<sup>2</sup>.
- Áreas libres públicas 4.803,68 m<sup>2</sup>: 4.544,41 m<sup>2</sup> de zonas verdes e 259,27 m<sup>2</sup> de espazos libres.
- Áreas para equipamentos públicos: 1.765,85 m<sup>2</sup>.
- Áreas para viarios: 6.679,44 m<sup>2</sup>.

No anexo I inclúese unha ortofoto na que se localiza o proxecto sectorial do parque empresarial.

### 2.- Sobre as augas

- Para a captación de auga prevista como solución para o abastecemento do ámbito deberá tramitarse e obter a correspondente concesión administrativa.
- Do mesmo xeito, a solución apuntada para o saneamento do ámbito queda condicionada á tramitación (na fase de proxecto de obras) da preceptiva autorización de vertido, sendo nese momento cando o organismo de conca se pronunciará sobre a capacidade das instalacións de depuración previstas e a admisibilidade do vertido polo medio receptor.
- Queda prohibido o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, salvo que se conte coa previa autorización administrativa. Os vertidos de augas residuais requirirán, por tanto a previa autorización do organismo de conca, a cuxo efecto o titular das instalacións deberá formular a correspondente solicitude de autorización acompañada de documentación técnica na que se definan as características das instalacións de depuración e os parámetros límite dos efluentes (artigos 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, así como 245 e seguintes do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1996, de 11 de abril).
- Todo vertido deberá reunir as condicións precisas para que, considerado en particular e en conxunto cos restantes vertidos ao mesmo curso, se cumpran en todos os puntos os obxectivos de calidade sinalados para as augas, segundo o preceptuado polo artigo 11 da Orden de 13 de agosto de 1999, pola que se publican as determinacións de contido normativo do Plan Hidrolóxico de Conca do Norte I: Santiago,



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

- Tomaranse todas as medidas que sexan necesarias para evitar alteracións sobre os cursos fluviais que puideran resultar afectados, en especial o tramo do regato Val de Xoana e regueiro de Fontaos. No caso de ser necesario atravesar o curso ou cursos de auga deberanse solicitar as autorizacións correspondentes.
- En todo momento as augas susceptibles de ser afectadas polas obras cumplirán o preceptuado no artigo 80 sobre calidade mínima esixible ás augas continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).
- Durante o proceso construtivo deberanxe adoptar as medidas necesarias para non comprometer a rede natural de drenaxe e permitir o fluxo das augas á velocidade adecuada.
- A superficie afectada polas obras, quedará desprotegida e exposta ás inclemencias do tempo ata a instalación das correspondentes naves empresariais, polo que as escorregas poden ocasionar arrastres de materiais que van a parar aos cursos fluviais e poden provocar a contaminación das augas. Por este motivo deberanxe tomar as medidas adecuadas para evitar esta afección, mediante a revestación canto antes destas superficies nusas ou recollendo as escorregas en balsa de decantación, que se deberán controlar e xestionar para un correcto funcionamiento.
- Nas zonas verdes públicas ou comúns de uso público empregaránse sistemas eficaces de rega e de baixo consumo hídrico, co obxecto de facer un uso racional da auga.

### 3.- Sobre a fauna e a vexetación

- Sendo os terreos a ocupar forestais solicitarase, no seu caso, a autorización para o cambio de uso forestal contemplada no artigo 40 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- A roza, movementos de terras e outros traballos que puidesen prexudicar a fauna na súa época de cría, farase fóra de dito período. No caso de imposibilidade de evitar esta época, no desenvolvemento dos traballos, ese iniciaranse antes do comezo do período máis sensible, evitando así que a afección se produza sobre animais en reprodución.
- Nas plantacións deberán empregarse especies autóctonas, semellantes ás existentes na zona e a poder ser de orixe local, evitando a introdución de especies exóticas e/ou invasoras.
- No caso de tala de vexetación, cinguirase ás estritamente necesarias para a execución da obra e con arranxo ás autorizacións pertinentes. Neste senso para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na Resolución do 27 de maio de 2002, da Consellería de Medio Ambiente relativa á tramitación e resolución dos expedientes de autorización de semienteiras, plantacións e corta de árbores en terreos de Dominio Público Hidráulico, e para o aproveitamento e utilización da vexetación arbórea e arbustiva da zona das ribeiras dos ríos.
- Delimitarase correctamente o terreo a ocupar polos labores do proxecto co fin de diminuír a perda innecesaria e a alteración de formacións vexetais polo tráfico de maquinaria.
- Nos labores de mantemento de foxos e sistemas de drenaxe evitarase o uso de herbicidas, primando o emprego de medios mecánicos.

### 4.- Sobre a paisaxe

- Co obxecto de acadar a integración estética ao medio das obras a executar, diminuíndo o impacto visual e paisaxístico, aplicaranse medidas correctoras como poden ser elección de materiais e pinturas semellantes ao do contorno, apantallamento vexetal con especies arbóreas autóctonas e outros que favorezan a integración paisaxística das estruturas.

Santiago,



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

### 5.- Sobre o patrimonio cultural e arqueolóxico

- En relación ao impacto do proxecto sobre o elemento Camiño de Santiago (Ruta da Prata), analizada a solución do trazado alternativo, que se propón nos planos de ordenación, estimase que non parece a más correcta por canto discorre por un espazo residual definido entre as traseiras das futuras naves e a actual estrada nacional.

Tampouco queda resolto axeitadamente o enlace deste camiño alternativo co resto do trazado do camiño, observándose que, logo dende bordear as traseiras das parcelas, volve a incorporarse ao vieiro principal do parque empresarial, introducindo novamente aos peregrinos no tráfico e actividades do parque.

Asemade, non evita afastar aos peregrinos das actuais naves industriais ao non resolver adecuadamente a continuidade do camiño.

Por todo o cal, o proxecto de parque empresarial queda condicionado, previo ao inicio das obras, á presentación para a súa autorización, por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dunha nova solución de trazado alternativo da Vía da Prata, elemento do Patrimonio Cultural incluído no catálogo do planeamento municipal e polo tanto, ben integrante do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

De non ser posible o acondicionamento doutro trazado alternativo e así xustificarse, o trazado definitivo debe seguir paralelo á estrada actual ata enlazar, fóra do ámbito do parque empresarial, co tramo existente, resolvendo adecuadamente o cruce do vieiro de acceso ao futuro parque empresarial (sinalización semafórica, bandas rugosas, paso de peóns, ...), de xeito que elimine a circulación dos peregrinos polos vieiros rodados do parque empresarial e das naves xa existentes.

A nova proposta deberá remitirse previo ao inicio das obras, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, documentada en planta e seccións que inclúan seccións transversais do parque empresarial en relación co trazado alternativo paralelo á actual estrada nacional.

- Deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. A tal fin, e previo ao inicio das obras, elaborarase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Como anexo ao proxecto arqueolóxico, deberase recoller, na cartografía empregada polo persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figurarán as áreas de risco arqueolóxico. Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

- E base aos resultados das actuacións arqueolóxicas, en cada unha destas fases, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e valorarase a aplicación das correspondentes medidas correctoras.

- Os traballos arqueolóxicos terán que ser levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

### 6.- Sobre a xestión de residuos

- Estudarase a posibilidade de que parte dos materiais necesarios para as obras da urbanización (para bases ou subbases dos vieiros, para a fabricación de formigónados, para pavimentar as vías auxiliares, para recheos xeotecnicamente pouco esixentes, etcétera) procedan de plantas de reciclaxe de residuos de construcción e demolición.

Santiago,



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

### - Na fase de obras:

- A empresa construtora deberá estar inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia para realizar as actividades de producción de residuos da construcción e, antes do inicio das obras, deberán presentar ante a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental un Plan de Xestión de Residuos de Obra.
- Adequaranse, antes do inicio das obras, zonas específicas para a instalación de distintos tipos de colectores nos que se fará o amoreamiento e almacenamento dos distintos residuos, en condicións axeitadas de seguridade e hixiene, ata o seu envío a xestor final autorizado.
- Comunicarase a esta Secretaría Xeral a data de inicio das obras co obxecto de realizar unha inspección previa das zonas de amoreamento.
- O manteremento da maquinaria (cambio de aceite, engraxe, etcétera) realizarase en talleres inscritos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Dous meses despois do remate das obras presentarase ante esta Secretaría Xeral xustificante do tipo e cantidade de residuos entregados a xestor autorizado.

### - Na fase de explotación:

- No caso de xestionar de maneira individualizada os residuos por parte das empresas, será condición indispensable para a implantación de calquera instalación ou empresa no parque industrial, que dispoña dos medios e autorizacións necesarios para a correcta xestión dos seus residuos.
- No caso de realizar a xestión conxunta mediante a instalación dun centro específico para a clasificación e almacenamento dos residuos industriais xerados nas instalacións e empresas do parque, que funcione a modo de centro de transferencia dos residuos dende as empresas produtoras ata os xestores finais. Neste centro realizaranse as seguintes tarefas:
  - Identificación e caracterización previa das mostras de residuos perigosos.
  - A recollida e o transporte dende a empresa ou instalación produtora ata o centro.
  - Control da recepción dos residuos á entrada do centro.
  - Clasificación e agrupamento dos residuos en función do seu estado físico e a súa natureza, en condicións adecuadas de hixiene e seguridade.
  - Expedición dos residuos almacenados ata o xestor final.
- Esta instalación deberá dispor da autorización preceptiva, por parte desta Secretaría Xeral, para o almacenamento de residuos.
- Respectos dos residuos asimilables a urbanos, entendidos por aqueles que non tén a cualificación de perigosos, pola súa natureza ou composición poden asimilarse aos producidos nos domicilios particulares, comercios, oficinas ou servizos (por exemplo, papel/cartón, restos de alimentos, etcétera), é competencia do concello a súa xestión. Non obstante, cando se trata de residuos urbanos que non se producen nos domicilios particulares, o concello pode obrigar aos posuidores a facerse cargo deles directamente ou ben poden chegar a un acordo sobre a forma de facerse cargo.

### - Na fase de abandono:

- No caso de abandono dalgunha instalación ou empresa implantada no parque, deberanse clasificar, retirar e entregar os residuos existentes ou xerados á xestores autorizados no prazo máis breve posible.

Santiago,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

## 7.- Sobre a vixilancia ambiental

- Desenvolverase o programa de vixilancia ambiental proposto no estudo ambiental, coas modificacións xurdidas do cumprimento desta DIA. Este programa levarase a cabo co obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no estudo ambiental e no condicionado da presente Declaración, así como a lexislación vixente de aplicación ao respecto, incorporando procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa deberá permitir detectar, cuantificar e corrixir diferentes alteracións que non se puidesen prever no estudo ou no condicionado desta DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Na realización do control e seguimento ambiental terase en conta que:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, designarase un/s responsable/s desta.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas e polo tanto deberán realizarse durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- A toma de mostras, analíticas e medicións deberán ser realizadas por entidades homologadas e/ou acreditadas.
- Tanto os puntos de medición seleccionados como os de tomas de mostras, así como a periodicidade dos controis poderán ser revisados en base aos resultados obtidos.

- Se durante o programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectan impactos, imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos nesta DIA ou na lexislación aplicable, proporanse as medidas correctoras precisas para corrixilas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

## 8.- Outras condicións

- As beirarrúas estarán adaptadas para o tránsito de discapacitados. Así mesmo procurarase a mellor conexión posible ao sistema público de transporte.
- Non estando previsto a colocación de plantas de formigón nin de aglomerado asfáltico, estes procederán de planta ou plantas externas que contén coas súas correspondentes autorizacións.
- Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que actualmente existen. Se durante as obras fora preciso cortar o paso dalgúnha vía, deberanse implementar rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009



Concello,

Autor: Alberto Rodríguez Gómez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

## ANEXO I

### RESUMO DO PROXECTO

Segundo se deriva da documentación e información disponible, o proxecto sectorial obxectivo da presente Declaración persegue organizar e concentrar as actividades comerciais levadas a cabo de forma aleatoria no contorno do ámbito, a fin de aproveitar as sinerxías que se poidan xerar como consecuencia de dita concentración.

A zona onde se sitúa o parque empresarial atópase na N-525 entre o núcleo rural de O Cañizo e o de A Gudiña a escasos metros de ambos. No radio de acción duns 2 km atópanse os núcleos rurais de Mesón de Herosa e O Pereiro e Vilavella, atopándose moi próximo o núcleo de A Mezquita, límitrofe con Portugal e coa provincia de Zamora, e algo máis lonxe os núcleos capitalidades dos seus respectivos municipios Riós, Vilariño de Couso e Viana do Bolo.

A superficie de actuación é duns 32.863 m<sup>2</sup>, e distribuíndose do seguinte xeito:

Uso	Superficie (m <sup>2</sup> )
Industrial - Comercial	19.614,18
Dotacións - Equipamentos	1.765,85
Zonas verdes	4.544,41
Espazos libres	259,27
Víario	6.679,44

Ao parque accédese pola zona sur do ámbito, mediante a realización dunha rotonda sobre a estrada N-525. Dita rotonda parte do vieiro principal que ten tres funcións: de paso, vieiro escaparate e vieiro vertebrador do parque. As zonas verdes sitúanse entre o límite das parcelas e o extremo do ámbito, tanto ao norte como ao sur e envolvendo a parcela de equipamento. Estas zonas verdes conseguem amortecer o impacto visual, integrar ambientalmente o parque no contorno e dignificar a entrada ao parque dende a rotonda.

O terreo presenta un desnivel cunha pendente suave que baixa no sentido norte-sur a suroeste, presentando poucas dificultades para o seu asentamento no territorio delimitando, si ben precisará un pequeno banqueo para nivelar as distintas parcelas e zonas do parque empresarial.

A accesibilidade ao parque se produce dende a estrada N-525, ao oeste do ámbito por medio dunha ramificación do vieiro sendo a conexión co parque empresarial ao mesmo nivel da N-525. A 300 m ao norte do parque empresarial a N-525 úñese coa A-52, comunicando a zona coa meseta e o resto de Galicia. Indicar asemade que a uns 500 m pasa o trazado do ferrocarril que comunica Ourense coa meseta.

Actualmente os terreos onde se sitúa o parque empresarial son atravesados ao longo polo Camiño de Santiago pola Ruta da Prata, pista de terá que discorrer paralelamente á estrada nacional N-525. O percorrido do Camiño de Santiago ao comezo do parque empresarial, no seu lado leste, desvíase ata situarse na zona verde que se proxecta entre a N-525 e o parque, facendo o percorrido en toda a súa lonxitude ata desembocar no espazo aberto e zona verde que se sitúa no oeste do parque empresarial, cruzando o vieiro retómase o camiño actual.

Ante a imposibilidade de obter suministro dende unha zona próxima nas condicións de caudal e presión requiridas, óptase por dispor dun sistema completo e independente de abastecemento, sobre a base de dispor dunha captación de auga na parte alta do parque. Dehde esta captación bombéase a auga cara un depósito de reserva e regulación, situado a uns 1.000 m do parque en dirección ao Ato do Cañizo, dende o que se subministra auga a través dunha conducción que entronca coa rede de distribución do parque.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DE PARQUE EMPRESARIAL DA GUDIÑA,  
CONCELLO DA GUDIÑA (OURENSE)  
CLAVE: 2007/0241

Assinatura: Alberto Rodríguez Gómez



XUNTA DE GALICIA

COÑSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

A rede de saneamento será separativa e recollerá as augas das distintas parcelas e confluirá nun colector que levará as augas residuais directamente ao sistema de depuración situado na parte máis baixa do parque.

Para o sistema de depuración óptase por un esquema compacto, que consta de pretratamento, depósito de homoxeneización, tratamento biolóxico (lamas activas) e decantador secundario, vertendo as augas xa tratadas ao curso do regato Val de Xoana.


A conca de aportación de pluviais é inexistente ao estar nunha zona alta, por tanto a rede de evacuación interna é exclusiva de auga do parque. Esta realizaase por colectores que levan a auga a unha balsa de decantación situada na zona verde, con capacidade para recoller chuvias punta correspondentes a un período de retorno de 10 anos. Unha vez decantadas evacúanse por conducción ata a plana depuradora e desta ao regato do Val de Xoana.

A acometida eléctrica realizarase á liña eléctrica existente e a alimentación ao parque farase dende un novo centro de transformación.

A rede contra incendios é independente da rede de abastecemento e equípase con hidrantes cada 200 m.

Tense prevista a iluminación da glorieta e vieiros do parque empresarial. Defínense as luminarias precisas en función da localización e sección do vieiro a iluminar.

O entronque coa rede de telecomunicacións realizarase a unha arqueta situada no extremo suroeste do parque, á liña que discorre paralelamente á estrada.



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL DE PARQUE EMPRESARIAL DA GUDIÑA  
CONCELLO DA GUDIÑA (OURENSE)  
CLAVE: 2007/0241